



# UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## REGULAMENTO ELECTORAL PARA A ELECCIÓN DO REITOR

(Aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 31 de outubro de 2007)

### Capítulo I *Ámbito de aplicación*

#### **Artigo 1.** *Aplicación*

O presente regulamento será de aplicación para o proceso electoral de elección de reitor no ámbito da Universidade da Coruña.

### Capítulo II *Dereito de sufraxio*

#### **Artigo 2.** *Principios xerais do sufraxio*

1. O reitor da Universidade será elixido por sufraxio universal, libre, directo, secreto.
2. Sen prexuízo do establecido sobre o voto anticipado, o dereito de sufraxio é persoal e intransferible, sen que se admita a delegación no seu exercicio nin o voto por correo.
3. Teñen dereito de sufraxio todos os membros da comunidade universitaria que cumpran os requisitos establecidos na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, nos Estatutos da Universidade da Coruña e no presente regulamento.
4. Os requisitos esixidos para exercer o dereito de sufraxio activo ou pasivo deberán reunirse o día da publicación do censo definitivo e manterse até o día da votación.
5. O persoal docente e investigador que imparta docencia oficial en máis dun centro será elector no centro en que desenvolva maioritariamente a súa docencia.
6. Ninguén pode votar máis dunha vez. Cando no desenvolvemento do proceso electoral de elección do reitor un membro da comunidade universitaria pertencer a máis dun sector, a Secretaría Xeral adscribirao de oficio ao sector que considere outorgue mellor dereito. Se non estiver de



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

acordo con esta adscrición, a persoa interesada poderá presentar unha reclamación ao censo provisorio solicitando a correspondente rectificación.


### Artigo 3. *Electores*

1. Sempre que reúnan os requisitos legalmente establecidos e figuren inscritos no correspondente censo electoral, son electores e poden exercer o dereito de sufraxio activo:

a) O persoal docente e investigador en situación de servizo activo, ou equivalente no persoal laboral, e con destino na Universidade da Coruña. Non será elector quen desempeñe a praza ou o posto fóra da Universidade da Coruña en comisión de servizos ou situación equivalente.

Para os efectos da aplicación deste regulamento, inclúense nas categorías do persoal docente e investigador o profesorado funcionario doutor, o profesorado funcionario non doutor, o profesorado contratado doutor, o profesorado colaborador, o profesorado asociado, axudantes, o profesorado axudante doutor, o profesorado visitante, o profesorado interino de substitución, os lectores, o persoal docente e investigador contratado pola Universidade da Coruña con cargo aos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal e Juan de la Cierva e, por último, aquelas persoas contratadas por obra ou servizo pola Universidade da Coruña representadas polo Comité de Empresa de persoal contratado con cargo a convenios e proxectos, programa da Universidade da Coruña para a contratación de persoas desempregadas, programa María Barbeito, programa predoutoral da Universidade da Coruña e programas de Formación de Persoal Investigador (FPI)-Formación de Profesorado Universitario (FPU), sempre que acrediten unha vinculación coa Universidade da Coruña superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses e non estean a realizar estudos conducentes á obtención do título de doutor.

b) O persoal de administración e servizos en situación de servizo activo ou equivalente e con destino da Universidade da Coruña. Non será elector quen desempeñe a praza ou o posto fóra da Universidade en comisión de servizos ou equivalente.





## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

c) O estudiantado matriculado en estudos conducentes á obtención de títulos que teñan carácter oficial e validez en todo o territorio estatal, impartidos nos centros propios da Universidade da Coruña. A realización do proxecto fin de carreira dá lugar tamén á consideración de estudante de primeiro ou de segundo ciclo. A matrícula en estudos conducentes á obtención do título de doutor dá lugar a ser considerado estudante de terceiro ciclo.

2. As persoas nomeadas ou contratadas como persoal docente e investigador ou de administración e servizos doutras universidades ou administracións distintas en comisión de servizos ou situación equivalente na Universidade da Coruña, só poderán exercer o dereito de sufraxio activo.

### **Artigo 4. Elixibles**

1. Poderán presentar a súa candidatura a reitor os funcionarios do corpo de catedráticos de universidade, en activo, que presten servizos con dedicación a tempo completo na Universidade da Coruña.

2. Deberán posuír a calidade de elector.

3. Os requisitos esixidos para exercer o dereito de sufraxio pasivo deberán reunirse na data da presentación da candidatura e manterse até a celebración das eleccións.

### **Artigo 5. Colexio e circunscricións electorais**

1. O colexio electoral estará integrado polo conxunto de electores da comunidade universitaria.

2. Son circunscricións electorais:

a) De se tratar de profesorado doutor con vinculación permanente ou de membros das restantes categorías de persoal docente e investigador, cada un dos centros que se relacionan no anexo I.

b) De se tratar daquelas persoas contratadas por obra ou servizo pola Universidade da Coruña representadas polo Comité de Empresa de persoal



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

contratado con cargo a convenios e proxectos, programa da Universidade da Coruña para a contratación de persoas desempregadas, programa María Barbeito, programa predoutoral da Universidade da Coruña e programas de Formación de Persoal Investigador (FPI)-Formación de Profesorado Universitario (FPU), sempre que acrediten unha vinculación coa Universidade da Coruña superior a un ano dentro dos últimos dezoito meses e non estean a realizar estudos conducentes á obtención do título de doutor, a circunscrición será única.

c) De se tratar do estudantado de primeiro e de segundo ciclo, cada un dos centros que se relacionan no anexo I. No caso do estudantado dos estudos de posgrao oficiais, que será considerado estudantado de segundo ciclo para os efectos da aplicación deste regulamento, o centro responsable do programa oficial de posgrao en que estea matriculado. E de se tratar de estudantes de terceiro ciclo, o centro a que estiver adscrito o departamento, segundo se relaciona no citado anexo I.

d) De se tratar do persoal de administración e servizos, a circunscrición será única.

3. As circunscricións electorais deberán contar cun número mínimo de dez electores. Cando o número de electores nun determinado sector e circunscrición for inferior a dez, a Secretaría Xeral, tras dar audiencia ás xuntas dos centros afectados para manifestaren a súa opinión, adscribirá eses electores a outra circunscrición do mesmo ámbito científico e do mesmo campus coa finalidade de garantir o segredo de voto. De non existir no campus outra circunscrición do mesmo ámbito científico, eses electores adscribiranse á circunscrición con menos electores do mesmo campus.

### Capítulo III *Censo electoral*

#### **Artigo 6.** *Elaboración e publicación do censo electoral*

1. A elaboración e a actualización do censo electoral para a elección de reitor, así como a adscrición das persoas electoras ás respectivas circunscricións e sectores, de acordo co disposto neste regulamento, correspóndelle á Secretaría Xeral da Universidade da Coruña.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

2. No censo electoral incluíranse o nome e os apelidos das persoas electoras e o seu número de documento oficial de identificación. Esta última mención poderá omitirse na publicación do censo nos taboleiros electorais.

3. Unha vez elaborado, o censo electoral provisional exporase publicamente nos centros que corresponda, nos taboleiros da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade da Coruña dentro dos quince días seguintes ao da convocatoria das eleccións, atendendo para tales efectos aos prazos establecidos pola Comisión Electoral Central.

### *Artigo 7. Solicitud de rectificación do censo e recursos*

1. Unha vez publicado o censo provisional, calquera titular do dereito de sufraxio poderá solicitar a súa rectificación mediante un escrito razoado dirixido ao presidente da Comisión Electoral Central, que se deberá presentar nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol) ou no rexistro do centro correspondente antes das 14:00 h do día en que termine o prazo. A persoa responsable do Rexistro do centro deberá enviar por fax á Secretaría Xeral, o mesmo día da súa recepción, o escrito alí presentado, sen prexuízo de enviar o orixinal por correo interno.

2. O prazo de reclamacións sobre admisión ou exclusión do censo será de cinco días hábiles, que contarán desde a data en que se publica nos taboleiros da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade da Coruña.

3. A Comisión Electoral Central terá que resolver e publicar a súa decisión no taboleiro electoral correspondente no prazo máximo de dous días hábiles seguintes á finalización do prazo de cinco días establecido para solicitar a rectificación. Contra esta decisión non cabe revisión ulterior.

4. O censo definitivo publicarase ao día seguinte de que se cumpra o mencionado prazo de dous días e, polo menos, quince días naturais antes da data das eleccións.



# UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## Capítulo IV *Administración electoral*

### **Artigo 8.** *Finalidade e composición*

1. A administración electoral ten por finalidade controlar o proceso electoral e garantir a súa legalidade, transparencia e obxectividade.
2. A administración electoral está integrada pola Comisión Electoral Central.
3. A condición de presidente, vogal ou secretario da Comisión Electoral Central é incompatible coa presentación de candidaturas no proceso de elección a reitor organizado por ela.

### **Artigo 9.** *Funcións da Comisión Electoral Central*

1. A Comisión Electoral Central terá as seguintes funcións:
  - a) A resolución das reclamacións e dos recursos que se interpuxeren contra a inclusión ou a exclusión no censo, así como contra a adscrición por circunscricións e por sectores realizada pola Secretaría Xeral.
  - b) A recepción das candidaturas e a proclamación de candidatos, así como a resolución dos recursos que se interpuxeren contra esta proclamación.
  - c) A aprobación dos modelos oficiais de escritos, papeletas e credenciais necesarios para o desenvolvemento do procedemento electoral.
  - d) O sorteo para establecer a orde de colocación dos candidatos nas papeletas de votación.
  - e) A organización do procedemento de emisión de voto, a determinación do número e a situación das mesas electorais.
  - f) O sorteo dos membros titulares e suplentes das mesas electorais.
  - g) O exame e a resolución das causas xustificadas que impidan formar parte das mesas electorais.
  - h) A dirección e a coordinación das mesas electorais e tamén elaborar un manual de instrucións que se lles entregará aos membros das mesas.
  - i) A verificación do recento.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- l) A proclamación dos resultados provisionais e definitivos das eleccións.
- m) A remisión ao reitor das cuestións disciplinarias que se produciren en relación cos procesos electorais.
- n) A resolución das consultas que lle remitiren os órganos da Universidade ou as persoas interesadas acerca de asuntos da súa competencia e, en particular, acerca da interpretación e da aplicación da normativa electoral.
- o) Calquera outra que estea recollida neste regulamento, así como as que, de non seren atribuídas a outro órgano da Universidade, tiveren relación coa xestión e co control dos procesos electorais.

2. Os acordos da Comisión Electoral Central en segunda ou única instancia esgotan a vía administrativa.

### *Artigo 10. Normas de funcionamento da Comisión Electoral Central*

1. As reunións da Comisión Electoral Central son convocadas polo presidente, para tratar os asuntos da súa competencia. O presidente debe convocar a reunión cando o solicitaren polo menos dous dos seus membros.
2. É necesaria a presenza de polo menos tres membros da Comisión, sen incluír o secretario, para a considerar validamente constituída. En caso de ausencia do presidente actuará como tal o vogal de maior idade dos presentes. En caso de ausencia do secretario actuará como tal o membro da Comisión Electoral, presente na sesión, que designe o presidente.
3. Os acordos tómanse por maioría simple. En caso de empate decide o voto de calidade do presidente.
4. A Comisión Electoral Central terá a súa sede na Reitoría.
5. A Xerencia da Universidade da Coruña adscribirá temporalmente á Comisión Electoral Central o persoal de administración e servizos necesario para realizar a súa actividade.
6. A Comisión Electoral Central disporá dun taboleiro de anuncios na Reitoría, na Vicerreitoría do Campus de Ferrol, en todos os centros e na páxina web da Universidade da Coruña para publicar os seus acordos.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **Artigo 11.** *Composición da Comisión Electoral Central*

1. A Comisión Electoral Central está integrada por:

- a) O secretario xeral ou persoa en quen delegar, que a presidirá.
- b) Cinco vogais elixidos polo Claustro de entre os seus membros, garantíndose a representación de todos os sectores que o integran: dous profesores funcionarios doutores, un membro das restantes categorías de persoal docente e investigador, un estudante e un membro do persoal de administración e servizos. Na elección destes vogais actuará como Mesa Electoral a Mesa do Claustro. En caso de ausencia dos membros titulares actuarán como suplentes os seguintes candidatos máis votados que non resultaron elixidos en cada sector.
- c) O secretario técnico do campus de Ferrol ou persoa en quen delegar, que actuará como secretario da Comisión Electoral Central, participando nas súas sesións con voz e sen voto.

2. O mandato da Comisión Electoral Central será de catro anos, salvo o representante do estudiantado, que se renovará cada dous anos.

### **Artigo 12.** *Mesas electorais*

1. Correspóndelles ás mesas presidir a votación, conservar a orde, realizar o escrutinio e velar pola limpeza do proceso electoral.

2. Cada mesa está formada por tres membros, dos que un será un membro do persoal docente e investigador e os outros dous serán elixidos por sorteo entre os electores que deben emitir nela o seu voto.

3. O sorteo realizarase en acto público pola Comisión Electoral Central polo menos dez días naturais antes da data de votación, designándose tanto titulares como suplentes. Non entrarán no sorteo as persoas electoras que concorreren ás eleccións como candidatas nin os membros da Comisión Electoral Central.

4. A mesa electoral será presidida polo membro do persoal docente e investigador.





## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

5. A designación como presidente ou vogal dunha mesa electoral notificaráselles ás persoas interesadas no prazo de tres días. Coa notificación entregaráselles un manual de instrucións sobre as funcións que lles corresponden.

6. O desempeño do cargo é obrigatorio. Só queda eximido quen, polo menos setenta e dúas horas antes da votación, alegue unha causa xusta e documentada en escrito motivado dirixido ao presidente da Comisión Electoral Central. De se admitir a causa de exención, a Comisión Electoral Central notificaralle á persoa suplente que debe actuar como titular e designará un novo suplente.

7. Se non for posible compor a mesa conforme o indicado neste precepto, a Comisión Electoral Central poderá realizar un sorteo entre todos os membros do corpo electoral que corresponda, sen distinción de sectores, ou ben acordar que os electores voten noutra mesa nunha urna independente.

8. O presidente e os dous vogais da mesa, así como os seus suplentes, reuniranse unha hora antes do inicio da votación no local asignado pola Comisión Electoral Central e realizarán a acta de constitución da mesa coa relación nominal dos membros da mesa e dos interventores, neste caso con indicación das candidaturas por que o foren. Neste acto os membros da mesa escollerán a persoa que teña que actuar como secretaria e recollerán esta circunstancia na acta. A acta será asinada por todos os seus membros e polos interventores. Entregaráselle unha copia da acta de constitución ao interventor que a reclamar.

9. Se o presidente non acode, asumirá a presidencia a persoa suplente e, no seu defecto, o primeiro vogal ou o segundo vogal, por esta orde. Os vogais que non acudiren ou que tomaren posesión como presidentes serán substituídos polos seus suplentes. Non pode constituírse ningunha mesa sen a presenza dun presidente e dous vogais.

10. Se a mesa non se puider constituír por non se reunir o requisito establecido no apartado anterior, a Comisión Electoral Central designará libremente os electores que a constituirán, podendo delegar o exercicio desta designación á dirección dos centros.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

11. Cada mesa debe contar cunha urna para cada un dos sectores que voten na mesa, así como cun número suficiente de papeletas e un espazo suficiente para garantir o segredo do voto. De faltar calquera destes elementos no local electoral á hora sinalada para a constitución da mesa, o presidente comunicarllo inmediatamente á Comisión Electoral Central, que procederá a emendar a ausencia.

12. Durante as votacións estarán presentes polo menos dous membros da mesa.

13. Quen for nomeado presidente ou vogal dunha mesa electoral, ten dereito a unha compensación económica polo día da votación. Ademais, o persoal ao servizo da Universidade da Coruña que for nomeado presidente ou vogal dunha mesa electoral ten dereito durante o día da votación e o día inmediatamente posterior a un permiso retribuído de xornada completa.

### **Artigo 13. *Interventores***

1. Os candidatos poden propor, até tres días antes da data da votación, o nomeamento dun interventor por cada mesa electoral. Así mesmo poderán propor o nomeamento dunha persoa suplente que substituirá o interventor mentres este exerce o seu dereito de sufraxio na mesa que lle corresponder.

2. Os interventores e suplentes propostos deben ter a condición de electores inscritos no censo electoral e non ser membros da mesa electoral. Unha vez comprobadas estas condicións, a Comisión Electoral Central entregarlles a credencial correspondente e comunicarlle ao presidente da mesa electoral a identidade dos interventores e suplentes acreditados antes do día da votación.

3. Os interventores deben acreditarse ante o presidente da mesa electoral polo menos 15 minutos antes da hora fixada para o inicio da votación. O presidente comprobará a súa identidade e que se encontren relacionados na lista que lle proporcionou a Comisión Electoral. En caso afirmativo, admitirá os interventores na mesa. En caso de o presidente non recibir a lista ou de ter dúbidas acerca da autenticidade das credenciais ou a identidade das persoas presentadas, admitiráas na mesa se así o esixiren, mais consignando na acta a súa reserva para posterior aclaración.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

4. Se se presentaren dous interventores titulares por unha mesma candidatura, o presidente só admitirá na mesa ao primeiro que lle presente as súas credenciais, para cuxo efecto as numerará por orde cronolóxica de presentación.

5. Se os interventores se presentaren na mesa despois da hora sinalada no apartado terceiro e unha vez redactada a acta de constitución, o presidente non os admitirá na mesa.

### Capítulo V *Procedemento electoral*

#### **Artigo 14. Trámites e prazos**

1. O procedemento electoral consta dos seguintes trámites, que terán que se realizar nos prazos establecidos para cada un deles pola Comisión Electoral Central, de acordo co disposto neste regulamento:

1. Convocatoria das eleccións
2. Publicación do censo provisional
3. Prazo de presentación de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional
4. Aprobación e publicación do censo definitivo
5. Proclamación provisoria de candidatos
6. Proclamación definitiva de candidatos
7. Sorteio de mesas electorais
8. Campaña electoral
9. Voto anticipado no prazo que determine a Comisión Electoral Central
10. Depósito das papeletas nas sedes das mesas electorais, que será un día antes das eleccións, como mínimo
11. Eleccións
12. Proclamación provisoria de candidatura electa
13. Proclamación definitiva de candidatura electa

2. Será proclamada, en primeira volta, a candidatura que obteña o apoio proporcional de máis da metade dos votos a candidaturas, unha vez feitas e aplicadas as ponderacións equivalentes.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

3. Se ningunha candidatura acada o apoio necesario para ser elixida en primeira volta, procederáse a unha segunda elección á que só poderán concorrer as dúas candidaturas máis apoiadas na primeira votación, tendo en conta as ponderacións efectuadas. Nesta segunda volta será proclamada electa a candidatura que obteña a maioría simple de votos, atendendo a esas mesmas ponderacións. Neste caso, os trámites, serán os seguintes:

1. Depósito das papeletas nas sedes das mesas electorais, que será un día antes das eleccións, como mínimo.
2. Eleccións no prazo máximo de 7 días hábiles, que contará desde a data de celebración das eleccións en primeira volta.
3. Proclamación provisoria de candidato electo.
4. Proclamación definitiva de candidato electo.

3. O cómputo dos trámites e prazos realizarase sobre días hábiles, excluindo os festivos previstos con carácter xeral para a Universidade da Coruña no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno e os sábados. Para os efectos do cumprimento do prazo para presentar solicitudes e recursos, o prazo finalizará ás 14:00 h do último día fixado.

4. Non poderán realizarse eleccións durante os períodos non lectivos e serán inhábiles para tales efectos os meses de xullo, agosto e setembro.

### **Artigo 15. Convocatoria das eleccións**

1. A convocatoria de eleccións a reitor realizarase por resolución reitoral, tras o acordo do Consello de Goberno, cun mes de antelación, cando menos, á expiración do mandato.

2. A convocatoria conterá os seguintes elementos:

1. Data de publicación do censo provisório
2. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo provisional
3. Data de publicación do censo definitivo
4. Requisitos e formalidades para a presentación de candidaturas
5. Prazo de presentación de candidaturas
6. Proclamación provisoria de candidatos



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas
8. Proclamación definitiva de candidaturas
9. Data de sorteo e constitución das mesas electorais
10. Data e lugar da votación en primeira e segunda volta, con indicación do prazo para emitir o voto anticipado
11. Data da proclamación provisoria da persoa candidata electa
12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria da persoa candidata electa
13. Data de proclamación definitiva da persoa candidata electa

3. A convocatoria publicarase nos taboleiros electorais da Reitoría, da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade da Coruña, así como en todos os centros en que estiveren censados os electores.

### **Artigo 16. *Presentación de candidaturas***

1. Poden presentar candidaturas as persoas que, de conformidade con este regulamento, tiveren a condición de elixibles.
2. As candidaturas poden presentarse nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol), así como nos rexistros dos centros, antes das 14:00 h do último día do prazo previsto para iso, mediante un escrito dirixido ao presidente da Comisión Electoral Central en que consten o nome e os apelidos da persoa candidata e o número do seu documento oficial de identificación. O escrito debe ir asinado pola persoa interesada. A persoa responsable do Rexistro do centro deberá enviar o escrito alí presentado o antes posible por correo interno e de se tratar de escritos presentados o derradeiro día do prazo deberá adiantalo por fax, sen prexuízo de enviar o orixinal por correo interno.

### **Artigo 17. *Proclamación provisoria e definitiva de candidaturas e prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación***

1. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Comisión Electoral Central procederá, no prazo máximo de dous días hábiles, a realizar a proclamación provisoria de candidatos, que se publicará nos



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

taboleiros electorais da Reitoría e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade da Coruña, así como en todos os centros en que estiveren censados os electores.

2. Dentro do prazo de dous días hábiles a partir da data de proclamación provisoria de candidaturas, poden presentarse os recursos e as solicitudes de rectificación nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol) ou nos rexistro dos centros mediante un escrito dirixido ao presidente da Comisión Electoral Central. A persoa responsable do Rexistro do centro deberá enviar o escrito alí presentado o antes posible por correo interno, e tratándose de escritos presentados o derradeiro día do prazo deberá adiantalo por fax, sen prexuízo de enviar o orixinal por correo interno. Os recursos e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo máximo de tres días hábiles, que se contarán desde a finalización do prazo de presentación.

3. Se non se presentaren recursos nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva de candidaturas.

### **Artigo 18. Campaña electoral**

1. A campaña electoral comprende as actividades de propaganda que desenvolvan as persoas candidatas proclamadas, dirixidas a captar votos nos centros e nas dependencias da Universidade da Coruña. Iniciarase o primeiro día hábil seguinte ao da proclamación definitiva de candidatos e poderá ter unha duración de entre tres e sete días hábiles.

2. Ao longo do proceso electoral garantírase a igualdade das candidaturas no acceso aos medios de que dispoña a Universidade para o desenvolvemento do proceso.

3. O financiamento das actividades electorais deberá ser transparente e en ningún caso deberá comprometer a autonomía universitaria. Por acordo do Consello de Goberno, fíxase a cantidade destinada para sufragar a realización da campaña electoral, que poderá ser revisada en función do número de candidaturas que se presenten, así como o procedemento de xustificación de gastos, que en todo caso deberán ser correntes.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **Artigo 19. Papeletas electorais**

1. A Comisión Electoral Central proporcionará as papeletas de votación.
2. Nas papeletas, que se confeccionarán inmediatamente despois da proclamación definitiva de candidatos, figurarán os nomes dos candidatos proclamados por orde alfabética, tras o sorteo por parte da Comisión Electoral Central da letra por que debe comezar a relación, precedidos por un recadro en branco, en que o elector marcará unha cruz para conceder o seu voto e seguidos, se for o caso, pola denominación ou pola sigla que identifique a súa agrupación.

### **Artigo 20. Votación**

1. O día da votación as mesas electorais estarán abertas de 10:00 h a 20:00 h, salvo que antes emitan o seu voto todos os electores censados na mesa correspondente. Ás 10:00 h o presidente anunciará o inicio da votación coas palabras «comeza a votación». Ás 20:00 h o presidente anunciará que vai concluír a votación.
2. O dereito de sufraxio activo acredítase pola inscrición nas listas do censo.
3. A persoa electora identificarase ante a mesa electoral co seu documento oficial de identificación ou permisos de condución.
4. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral. Os interventores poden facer as alegacións que estimaren convenientes a respecto da identidade dos electores, alegacións que o secretario da mesa recollerá coa sinatura de ambos os dous. Inmediatamente despois de se comprobar o dereito ao voto, a persoa electora entregalle coa súa propia man á presidencia da mesa o sobre da votación pechado. A continuación, a presidencia, sen ocultalo nin un momento da vista do público, depositará na urna o correspondente sobre.
5. O membro da mesa electoral que a presidencia designe e, de ser o caso, os interventores que o desexen anotarán, cada cal nunha lista numerada, o nome e os apelidos dos votantes pola orde en que emitan o seu voto, expresando o número co que figuran na lista do censo electoral ou, de ser o



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

caso, a achega de certificación censual específica. Toda persoa electora ten dereito a examinar se foi ben anotado o seu nome e apelidos na listaxe de votantes. O membro da mesa electoral encargado da comprobación dos votantes no censo electoral fará un sinal, a medida que vota cada persoa electora.

6. Rematada a votación, o presidente introducirá na urna os votos anticipados nas eleccións que admiten esta forma de votación. A continuación votarán os membros da mesa.

### **Artigo 21.** *Exercicio do dereito ao voto*

1. O voto é secreto, persoal e intransferible, razón pola que non se poderá exercer por delegación nin por correo. Admítese o voto anticipado nas condicións establecidas polo artigo 22 deste regulamento.

2. Na xornada electoral, as persoas electoras disporán de catro horas para exercer o seu dereito de voto e poderán solicitar da mesa electoral o correspondente xustificante de que emitiron este.

3. As persoas electoras só poden votar no sector e na mesa electoral que lles corresponda. Deberán achegarse á mesa electoral unha por unha, despois de elixir as papeletas electorais e introducilas nos correspondentes sobres.

4. As persoas electoras que por discapacidade física ou sensorial estean impedidas para elixir a papeleta, colocala dentro do sobre ou entregala na mesa electoral, poden servirse para estas operacións dunha persoa de confianza ou do presidente da mesa electoral. A disposición das urnas farase de xeito que poidan acceder a elas as persoas con mobilidade reducida.

### **Artigo 22.** *Voto anticipado*

1. Admítese o voto anticipado das persoas titulares do dereito de sufraxio que non poidan exercelo na data da votación prevista na convocatoria das eleccións. O voto anticipado entregarao persoalmente a persoa electora nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza) ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e





## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

campus de Esteiro, Ferrol), logo da súa identificación cun documento oficial de identidade ou co permiso de condución, nun sobre pechado dirixido á Secretaría Xeral, quen disporá a súa custodia e entrega na mesa electoral correspondente o día da votación.

2. Para emitiren o voto anticipado as persoas electoras interesadas retirarán, persoalmente, nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade (Edificio da Reitoría, A Maestranza) ou nos rexistros auxiliares (Casa do Lagar, campus de Elviña e campus de Esteiro, Ferrol) a papeleta de voto, o sobre de votación e o sobre exterior para enviar o voto, en que deberá identificarse claramente a persoa votante e a mesa electoral en que lle corresponda votar. Neste sobre exterior deberá introducir o sobre coa papeleta de votación e unha fotocopia dun documento oficial de identificación ou permisos de condución da persoa electora.

3. O voto anticipado poderá exercerse no prazo indicado na convocatoria, en todo caso até dous días hábiles antes da votación.

4. Na data da votación, a Secretaría Xeral fará chegar os votos anticipados á Presidencia das mesa electoral que corresponda. Unha vez rematada a votación, a Presidencia introducirá na urna que proceda o voto anticipado, logo de comprobar a inclusión da persoa electora no censo e facer a oportuna anotación. En ningún caso se introducirá o voto anticipado se a persoa electora xa ten emitido presencialmente o seu voto.

### **Artigo 23. Escrutinio**

1. Unha vez cerrada a votación a mesa comezará o escrutinio, que será público.

2. O escrutinio realizarase extraendo a presidencia, unha a unha, as papeletas da urna correspondente e lendo en voz alta o nome das persoas candidatas votadas. A presidencia mostrará a papeleta lida a vogais e interventores.

3. Se algún interventor ou elector presente tiver dúbidas acerca do contido dunha papeleta poderá pedir no acto, e deberá concedérselle, a posibilidade de o comprobar.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

4. Feito o recuento de votos, a presidencia preguntará se hai alegacións contra o escrutinio e, de non existiren, ou despois de seren resoltas pola mesa as que se presentaren, anunciará en voz alta o resultado, especificando o número de votantes, o de votos en branco, o de votos nulos e o de votos obtidos por cada candidato.

5. As papeletas extraídas das urnas destruíranse no mesmo acto, con excepción daquelas a que se negase validez ou fosen obxecto dalgunha reclamación, que se unirán á acta e se arquivarán con ela, unha vez asinadas polos membros da mesa.

6. Concluídas estas operacións, a secretaría da mesa estenderá por duplicado a acta da sesión, na cal se indicará o número de electores da mesa segundo as listas do censo electoral, o de electores que exerceron o dereito a voto, o de votos nulos e en branco e o de votos obtidos por cada candidato. Recolleranse tamén as reclamacións e protestas formuladas polos electores e interventores sobre a votación e o escrutinio, así como as resolucións motivadas da mesa sobre elas, cos votos particulares se os houber. Tamén se consignará calquera incidente que se producir.

7. Todos os candidatos e interventores teñen dereito a que se lles entregue gratuíta e inmediatamente unha copia da acta. Baixo ningún pretexto pode a mesa escusar esta obriga.

8. En caso de mesas situadas no campus da Coruña, a presidencia da mesa, acompañado polos membros da mesa ou os interventores que o desexaren, entregará inmediata e persoalmente á Comisión Electoral Central un exemplar da acta, outro quedará en poder do presidente da mesa. O exemplar para a Comisión Electoral Central irá acompañado da acta orixinal de constitución da mesa, da lista numerada de votantes, dos votos nulos ou que foron obxecto dalgunha reclamación, e das credenciais dos interventores. Todos estes documentos serán introducidos nun sobre que asinarán o presidente, os vogais e os interventores, de forma que crucen a parte por que se cerra. De se tratar de mesas situadas no campus de Ferrol, o presidente da mesa, acompañado polos membros da mesa ou os interventores que o desexaren, entregará inmediata e persoalmente ao secretario técnico do campus de Ferrol a documentación sinalada neste número. O secretario técnico deberá adiantar inmediatamente por fax e por outros medios que poidan establecerse, o escrutinio, entregándolle os



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

orixinais persoalmente á Comisión Electoral Central antes das 14:00 h do día seguinte á votación.

### **Artigo 24.** *Votos nulos e votos en branco*

1. Terán a consideración de votos nulos:

- a) Os emitidos en papeleta diferente ao modelo oficial.
- b) Os emitidos en papeleta en que se marcasse un número de candidatos superior ao máximo que o elector pode votar.
- c) Os emitidos en papeletas con rascaduras, emendas, riscos ou calquera outro tipo de alteración que impida coñecer a verdadeira vontade do elector.
- d) Os emitidos en papeleta en que se escribise calquera outra expresión distinta do voto.
- e) Os emitidos a favor dunha candidatura retirada polos motivos previstos neste regulamento.

2. Terán a consideración de votos en branco, mais válidos, os emitidos en papeleta que non tiver indicación a favor de ningún dos candidatos.

### **Artigo 25.** *Ponderación do voto*

1. Despois do escrutinio dos votos, a Comisión Electoral Central determinará para cada un dos sectores o coeficiente de ponderación que corresponde aplicar aos votos validamente emitidos para os efectos de outorgarlles o valor que aquí se asigna.

2. O voto para a elección de reitor será ponderado conforme ás seguintes porcentaxes:

- a) 51 por cento correspondente ao profesorado doutor con vinculación permanente
- b) 12 por cento correspondente ás restantes categorías de persoal docente e investigador
- c) 28 por cento correspondente ao estudiantado
- d) 9 por cento correspondente ao persoal de administración e servizos



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

3. Unha vez realizado o escrutinio, a Comisión Electoral aplicará a cada un dos sectores unha ponderación que permita establecer, aos votos validamente emitidos a candidaturas, as porcentaxes fixadas no parágrafo 2 deste artigo.

4. Para tales efectos, recorrerase á aplicación da fórmula  $CS=POS \cdot NTVc / (100 \cdot NTVcs)$ .

CS (coeficiente do sector) = 
$$\frac{POS \text{ (porcentaxe do sector)} \cdot NTVc \text{ (número total de votos obtidos polas candidaturas)}}{100 \cdot NTVcs \text{ (número total de votos obtidos polas candidaturas no sector)}}$$

5. O coeficiente calcularase con seis cifras decimais. O redondeo efectuarase á baixa cando a sétima cifra decimal estea comprendida entre cero e catro, e á alza nos demais. O número de votos ponderados correspondentes a cada candidatura en cada sector calcularase multiplicando o número de votos que obteña a candidatura polo coeficiente de ponderación do sector. En cada sector o número de votos ponderados de cada candidatura redondearase á unidade máis próxima. Se o primeiro decimal fose catro ou inferior a catro manterase a mesma unidade. E se o primeiro decimal fose superior a catro redondearase a unha unidade superior.

6. O número de votos ponderados totais correspondentes a cada candidatura é o resultado de sumar os votos ponderados da citada candidatura en cada sector.

### **Artigo 26. Proclamación provisoria de candidatura electa**

1. Recibidas as actas, a Comisión Electoral Central procederá á comprobación do escrutinio, verificando o reconto dos votos emitidos e admitidos como válidos nas diversas mesas, segundo as correspondentes actas. De existiren reclamacións sobre os votos resolverá segundo corresponder.

2. Non pode anularse a votación dunha mesa electoral como consecuencia de reclamacións alleas ás normas sobre votación e escrutinio.

3. A anulación da votación nunha ou varias mesas non producirá a nulidade da elección cando esta invalidez non altere o resultado final.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

4. Concluído o escrutinio xeral, a Comisión Electoral Central estenderá por duplicado unha acta de escrutinio do colexio electoral correspondente, que conterá a mención expresa do número de electores de cada mesa, segundo as listas do censo electoral, de votantes, dos votos obtidos por cada candidatura, dos votos en branco e dos votos nulos.

5. Nunha acta asinada polo presidente e o secretario, a Comisión Electoral Central proclamará provisoriamente a candidatura que obteña o apoio proporcional de máis da metade dos votos a candidaturas. Se ningunha candidatura acadou o apoio necesario para ser elixida en primeira volta e se procedese a unha segunda elección, será proclamada electa, en segunda volta, a candidatura que obteña a maioría simple de votos.

### **Artigo 27. Recursos**

Contra os acordos da Comisión Electoral Central poderán interpor recurso potestativo de reposición previo á vía contencioso-administrativa, as candidaturas proclamadas ou non proclamadas electas nun prazo máximo de tres días hábiles, que se contarán desde a publicación da proclamación provisoria de candidato electo. Estes recursos deberán resolverse nun prazo máximo de tres días que se contarán desde a finalización do prazo de presentación de recursos.

### **Artigo 28. Proclamación definitiva de candidatura electa**

Unha vez resoltos os recursos que se interpuxesen contra a proclamación provisoria da candidatura electa, ou transcorrido o prazo previsto sen que se interpuxese ningún, a Comisión Electoral Central procederá á proclamación definitiva da candidatura electa.

### **Artigo 29. Comunicación do resultado da elección de reitor**

A Comisión Electoral Central remitiralle ao reitor en funcións o resultado definitivo do proceso electoral, quen lle dará o trámite que corresponda á Xunta de Galicia para os efectos legais oportunos.



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O reitor exercerá a potestade disciplinaria naqueles casos en que se incumpra a normativa que contén este regulamento ou no caso de negativa a asumir os deberes que este establece.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A lexislación xeral electoral poderá, de ser o caso, aplicarse supletoriamente en todo o non regulado de forma expresa neste regulamento.

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor desta normativa, quedan derogadas todas aquelas disposicións anteriores, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto nela e, sinaladamente, e sinaladamente a normativa electoral para as eleccións a reitor, aprobada en Consello de Goberno nas súas sesións do día 23 de outubro e 18 de novembro de 2003.


### DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno e darase a coñecer entre a comunidade universitaria a través daqueles medios que garantan a súa difusión.



DILIXENCIA para facer constar que  
o/o presente Regulamento  
composto de 29 páxinas numeradas e seladas,  
foi aprobado polo Consello de Goberno,  
na súa sesión de data 31-outubro-2007

O SECRETARIO XERAL

  
Asdo: Xosé Manuel Carril Vázquez



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### ANEXO I

#### RELACIÓN DE CENTROS CON INDICACIÓN DOS DEPARTAMENTOS ADSCRITOS A CADA CENTRO E DAS ÁREAS ADSCRITAS A CADA DEPARTAMENTO

##### 610 Facultade de Ciencias

##### 101 Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía

- Botánica
- Ecoloxía
- Fisioloxía Vexetal
- Zooloxía

##### 102 Bioloxía Celular e Molecular

- Bioloxía Celular
- Bioquímica e Bioloxía Molecular
- Xenética
- Microbioloxía

##### 115 Física

- Electromagnetismo
- Física Aplicada
- Física da Materia Condensada

##### 122 Química Analítica

- Química Analítica

##### 153 Química Fundamental

- Química Inorgánica
- Química Orgánica

##### 154 Química Física e Enxeñaría Química I

- Enxeñaría Química
- Química Física

##### 611 Facultade de CC. Económicas e Empresariais

##### 108 Economía Aplicada I


- Economía Aplicada
- Historia e Institucións Económicas

##### 109 Economía Financeira e Contabilidade

- Economía Financeira e Contabilidade

##### 134 Análise Económica e Administración de Empresas


- Comercialización e Investigación de Mercados





## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Fundamentos da Análise Económica
- Organización de Empresas
- 137 Economía Aplicada II
  - Economía Aplicada
  - Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
- 612 Facultade de Dereito
- 106 Dereito Público
  - Dereito Constitucional
  - Dereito Financeiro e Tributario
  - Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais
  - Dereito Penal
  - Dereito Procesual
  - Dereito Romano
- 107 Dereito Privado
  - Dereito Civil
  - Dereito Internacional Privado
  - Dereito Mercantil
  - - Historia do Dereito e das Institucións
- 131 Dereito Público Especial
  - Dereito Administrativo
  - Dereito do Traballo e da Seguridade Social
  - Dereito Eclesiástico do Estado
  - Filosofía do Dereito
- 613 Facultade de Filoloxía
- 111 Filoloxía Española e Latina
  - Filoloxía Latina
  - Filoloxía Románica
  - Lingua Española
  - Literatura Española
  - Teoría da Literatura
- 113 Filoloxía Inglesa
  - Filoloxía Inglesa
- 155 Galego-Portugués, Francés e Lingüística
  - Filoloxía Francesa
  - Filoloxía Galega e Portuguesa
  - Lingüística Xeral







## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### 614 Facultade de Informática

#### 103 Computación

- Álgebra
- Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
- Linguaxes e Sistemas Informáticos

#### 110 Electrónica e Sistemas

- Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores
- Electrónica
- Tecnoloxía Electrónica
- Teoría do Sinal e Comunicacions

#### 118 Matemáticas

- Estatística e Investigación Operativa
- Matemática Aplicada

#### 152 Tecnoloxía da Información e as Comunicacions

- Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
- Enxeñaría Telemática

### 615 Facultade de Socioloxía

#### 127 Socioloxía e Ciencia Política e da Administración

- Ciencia Política e da Administración
- Historia do Pensamento e Movementos Sociais e Políticos
- Socioloxía

### 616 Facultade de Ciencias da Comunicación

#### 620 Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

##### Educación Física e Deportiva

- Educación Física e Deportiva

### 630 ETS de Arquitectura

#### 104 Construcións Arquitectónicas

- Construcións Arquitectónicas

#### 120 Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo


- Proxectos Arquitectónicos
- Urbanística e Ordenación do Territorio

#### 124 Representación e Teoría Arquitectónica

- Expresión Gráfica Arquitectónica

#### 125 Tecnoloxía da Construción

- Enxeñaría da Construción





## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Enxeñaría do Terreo
- Mecánica dos Medios Cont. e Teoría de Estruturas
- 135 Composición
  - Composición Arquitectónica
  - Didáctica da Expresión Musical
  - Didáctica da Expresión Plástica
  - Historia da Arte
- 631 ETS de Náutica e Máquinas
- 149 Ciencias da Navegación e da Terra
  - Astronomía e Astrofísica
  - Ciencias e Técnicas da Navegación
  - Construcións Navais
  - Cristalografía e Mineraloxía
  - Edafoloxía e Química Agrícola
  - Estratigrafía
  - Xeodinámica Externa
  - Paleontoloxía
- 151 Enerxía e Propulsión Mariña
  - Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
  - Enxeñaría Mecánica
  - Máquinas e Motores Térmicos
- 632 ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- 139 Métodos Matemáticos e de Representación
  - Análise Matemática
  - Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
  - Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes
  - Enxeñaría Hidráulica
  - Matemática Aplicada
  - Proxectos de Enxeñaría
  - Tecnoloxía do Medio Ambiente
- 650 EU de Estudos Empresariais
- 651 EU de Fisioterapia
- 145 Fisioterapia
  - Fisioterapia
- 652 Facultade de CC. da Educación
- 114 Filosofía e Métodos de Investigación en Educación



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Filosofía
- Filosofía Moral
- Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
- 119 Pedagogía e Didáctica
  - Didáctica da Matemática
  - Didáctica das Ciencias Experimentais
  - Didáctica e Organización Escolar
  - Teoría e Historia da Educación
- 121 Psicoloxía
  - Metodoloxía das Ciencias do Comportamento
  - Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos
  - Psicobioloxía
  - Psicoloxía Básica
  - Psicoloxía Social
- 126 Didácticas Especiais
  - Didáctica da Expresión Corporal
  - Didáctica da Lingua e da Literatura
  - Didáctica das Ciencias Sociais
- 128 Psicoloxía Evolutiva e da Educación
  - Psicoloxía Evolutiva e da Educación
- 653 Facultade de CC. da Saúde
- 144 Medicina
  - Anatomía e Embrioloxía Humana
  - Cirurxía
  - Fisioloxía
  - Medicina
  - Otorrinolaringoloxía
  - Psiquiatría
  - Radioloxía e Medicina Física
  - Traumatoloxía e Ortopedia
- 670 EU de Arquitectura Técnica
- 136 Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica
  - Expresión Gráfica Arquitectónica
- 710 Facultade de Humanidades
- 143 Humanidades
  - Análise Xeográfica Rexional



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Antropoloxía Social
- Biblioteconomía e Documentación
- Comunicación Audiovisual e Publicidade
- Xeografía Humana
- Historia Antiga
- Historia Contemporánea
- Historia Medieval
- Historia Moderna
- Lóxica e Filosofía da Ciencia
- Xornalismo

### 730 Escola Politécnica Superior

#### 147 Enxeñaría Naval e Oceánica

- Construcións Navais
- Mecánica de Fluídos

#### 148 Enxeñaría Industrial II

- Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
- Enxeñaría da Construción
- Enxeñaría Mecánica
- Enxeñaría Nuclear
- Enxeñaría Química
- Máquinas e Motores Térmicos

### 750 EU de Enfermaría e Podoloxía

#### 146 Ciencias da Saúde

- Enfermaría
- Farmacoloxía
- Historia da Ciencia
- Medicina Preventiva e Saúde Pública
- Parasitoloxía

### 760 EU de Relacións Laborais

### 770 EU Politécnica

#### 105 Construcións Navais

- Construcións Navais
- Máquinas e Motores Térmicos

#### 117 Enxeñaría Industrial

- Expresión Gráfica da Enxeñaría
- Enxeñaría dos Procesos de Fabricación
- Enxeñaría de Sistemas e Automática



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Enxeñaría Eléctrica  
771 EU de Deseño Industrial

